



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Bases específicas para a convocatoria para a provisión en propiedade polo sistema de oposición dunha (1) praza de albanel, persoal laboral fixo, correspondente á oferta de emprego público 2023

Polo Decreto desta Alcaldía núm.903/2023, do 15 de maio, aprobáronse as seguintes bases de convocatoria de selección de persoal:

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN DUNHA (1) PRAZA DE ALBANEL, PERSOAL LABORAL FIXO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2023

1ª.- OBXECTO.-

As presentes bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de oposición por quenda libre, dunha (1) praza de albanel, persoal laboral, pertencente ao Grupo IV, vacante no Cadro de Persoal e incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Sada para 2023 (BOP núm. 85, do 05-05-2023) en todo aquilo que non estea previsto nas Bases xerais dos procesos selectivos para o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para o Concello de Sada do ano 2023.

2ª.-REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO: OEP 1-2023

3ª.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS.

- Denominación da praza: albanel
- Grupo de clasificación: IV do Convenio Colectivo
- Tipo de relación xurídica: persoal laboral fixo.
- Correspondencia cun posto de traballo da RPT: adjudicarse definitivamente ao superar o proceso selectivo un posto da RPT vacante, código 100002

4ª.- SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Sada, o sistema selectivo será o de oposición.

5ª.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Estar en posesión do título de ESO, Graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou equivalente.
- Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 7ª.3.

6ª.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN, PRAZO E TAXAS

As solicitudes de participación achegarase a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais e axustaranse ao modelo que está a disposición na seguinte ligazón:

<https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos> ou que se lles facilitará nas dependencias municipais.

O prazo de presentación de solicitudes é o establecido na base cuarta das xerais.

As taxas serán as establecidas na base quinta das xerais para o grupo C2.

7ª.- PROCESO SELECTIVO.

1.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes de carácter obrigatorio e eliminatorio:

Primeiro exercicio: Consistirá en contestar por escrito, nun prazo máximo de 90 minutos, un cuestionario de 50 preguntas tipo test, mais 5 preguntas de reserva, con catro respostas alternativas, relacionadas co contido do temario que figura

no anexo III das bases xerais e no anexo I destas bases. Cada resposta correcta sumará 0,20, cada resposta incorrecta restará 0,10 puntos e non se contabilizarán as preguntas non contestadas.

Segundo exercicio: Realización dun ou varios supostos prácticos relacionados coas materias específicas do temario. En función da maior ou menor complexidade do exercicio, o Tribunal determinará antes do seu inicio o tempo máximo para a súa realización, con carácter xeral para todos os aspirantes. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o Tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización. Puntuación máxima 30 puntos.

Nos exercicios obrigatorios e eliminatorios e deberá acadarse unha puntuación mínima da metade da puntuación total asignada nestas bases a cada un deles para a súa superación.

Se o Órgano de selección, de oficio ou en base as reclamacións, que os aspirantes poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á publicación das cualificacións dos exercicios, anulase algunha/s das preguntas ou partes dun suposto incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello.

Contra tal acordo poderá interperse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

2. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

3. Exame de coñecemento da lingua galega.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 5ª realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

8ª.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 7. O Concello de Sada. Configuración xeográfica. Límites. Termo municipal. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Localización dos lugares do Concello de Sada. Localización de equipamentos e infraestruturas máis relevantes do Concello.

Tema 8. O persoal ao servizo das entidades locais: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades. Políticas de igualdade de xénero. A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: obxecto e ámbito da lei. Principio de igualdade e tutela contra a discriminación. Principios das políticas públicas para a igualdade.

Tema 9. Nocións básicas sobre o contrato de obras e os contratos menores. Os servizos públicos municipais. A conservación de instalacións públicas. As obras públicas.

Tema 10. Prevención de riscos laborais. Procedementos e medios de seguridade e saúde no traballo. Seguridade e saúde no traballo. Normas e medidas protectoras individuais e colectivas. A utilización de equipos de protección individual.

Tema 11. Coñecemento e interpretación básicos dun proxecto de obras e dos documentos que o compoñen.

Tema 12. Tipos de maquinaria e ferramenta en albanelería. Maquinaria pesada e maquinaria manual.

Tema 13. Ferramentas e máquinas que se empregan normalmente na construción. Formas de usalas e precaucións para a súa correcta conservación. Medidas preventivas para a súa utilización.

Tema 14. Actuacións e brigadas/equipos de obra e albanilería. Mantemento básico da maquinaria e ferramenta. Planificación e organización do traballo e das necesidades de materiais.

Tema 15. Ferramentas manuais. Características e usos. Materiais auxiliares empregados na albanelería. Mallas, cantoneiras, perfís auxiliares, selantes, etc.

Tema 16. Elementos de construción e obra. Muros: Muros de bloque, cachotería e outros. Paredes: Paredes de ladrillo e outras. Ladrillo tipo e medidas

Tema 17. Elementos de construción e obra. Cubertas e revestimentos. Tella e lousa. Pavimentos e baldosas. Revestimentos de paredes e chans. Eliminación de goteiras e humidades. Impermeabilización.

Tema 18. Elementos de construción e obra. Encofrados. Preparación das superficies de soporte. Pinturas: Aplicación de Pinturas ao temple e plásticas. Pinturas para exteriores.

Tema 19. Materias e medios de construción e obra. Formigóns. Clases. Composición. Usos/utilidades. Preparacións. Aditivos.

Tema 20. Materiais e medios de construción e obra. Morteiros. Clases. Composición. Usos/utilidades. Preparacións. Aditivos.

Tema 21. Outros materiais e medios de construción e obra. Metais, madeira e outros medios/materiais auxiliares

Tema 22. Redes públicas/urbanas de abastecemento e saneamento de auga. Coñecementos e actuacións básicos de mantemento. Elementos que as compoñen. Arquetas. Sumidoiros. Pozos de Rexistro. Tubaxes; diámetros e materiais máis habituais. Incidencias/problemas máis frecuentes.

Tema 23. Redes e equipamentos públicos/urbanos de alumeadado público/electricidade. Coñecementos e actuacións básicos de mantemento. Elementos que as compoñen. Arquetas. Incidencias/problemas máis frecuentes.

Tema 24. Pavimentación de vías e estradas. Tipoloxía. Materiais de uso básico e habitual. Mantemento e reparacións. Acerados. Subbases. Soleiras.

Tema 25. Sinalización e validación da ocupación por obras de espazos, vías e estradas públicas. Actuacións e materiais básicos. Desvío do tráfico.

Tema 26. Operacións básicas de mantemento e conservación das instalacións públicas; fontanería, albanelería, carpintería, electricidade e cerraxería. Actuacións e accións básicas. Ferramenta/útiles e materiais básicos e/ou de utilización habitual. Incidencias/problemas máis frecuentes”.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 15 de maio de 2023

A Alcaldesa

María Nogareda Marzoa

2023/3928